

Conservar información

Na tablet non podes gardar nada, se queres conservar algunha información utiliza o teu correo electrónico ou algunha ferramenta de almacenamento na nube.

Incumprimento das normas

O incumprimento das normas (que aceptas ao asinar a acta de entrega) supón a suspensión do servizo de préstamo de calquera tipo de material de forma temporal ou indefinida.

1 día de suspensión de todo tipo de préstamo se non devolves a tablet 1 hora antes do peche da biblioteca.

Por roubo, destrución ou deterioro irreparable do dispositivo ou dos seus accesorios: obriga de repoñelo con outro de similares características ou reparación do dano causado. Mentres non o repoñas estarás suspendido/a do servizo de préstamo de calquera material.

A biblioteca resérvase o dereito de emprender aquelas accións regulamentarias ou legais que crea necesarias en caso de incumprimento desta normativa.

Préstamo de tablets

Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal

Avda. Xoán XXIII, s/nº
15704 Santiago de Compostela
Tlf. 881 999 401

biblio.publica.santiago@xunta.gal

<http://bibliotecas.xunta.gal/santiago>
<https://www.facebook.com/bpsanxelcasal>
<https://twitter.com/bpsanxelcasal>

Tablets en préstamo na Biblioteca!

Na biblioteca tes tablets á túa disposición coas que poderás ler, navegar por internet, estudar, xogar...

Requisitos

Ser socio/a da biblioteca e maior de idade.

Non ter préstamos sobrepassados ou sancións.

Traer o carné da biblioteca. O carné é persoal e intransferible polo que podemos pedirche calquera documento complementario que acredite a túa identidade.

Asinar a acta de entrega da tablet e entregar o carné ao persoal da biblioteca (devolvémoscho cando entregues a tablet).

Descrición técnica e uso

As tablets son *Samsung Galaxy Tab 3* cunha pantalla de 10 pulgadas, procesador dual-core a 1.6GHz, 1GB de RAM, 16GB de almacenamento, cámara traseira de 3 MB, cámara frontal de 1.3 MB e acceso Wi-Fi.

Funcionan baixo sistema operativo Android 4.4.2. e préstamolas coa configuración de fábrica.

Instala só *apps* da *Play Store*.

Recomendámosche usar unha conta de *gmail* na configuración inicial para aproveitar todas as ferramentas da tablet. Se non queres usala, aconsellámoste o *Google chrome* para navegar pola internet.

Préstamo en sala

Solicita a tablet no mostrador do andar baixo da biblioteca.

O préstamo é exclusivamente para o uso nas instalacións da biblioteca.

Só prestamos unha tablet por usuario/a.

O período de préstamo máximo é desde que abre a biblioteca ata 1 hora antes do peche.

Debes devolvela no mesmo mostrador (andar baixo) como moi tarde ás 20 h de luns a venres, ás 13 h os sábados e ás 13:30 h nos meses de xullo e agosto.

Accesorios

A tablet entrégase cunha funda e un cargador.

Reconfiguración

Ao devolver a tablet restaurámola á configuración inicial para limpar todos os datos persoais e apps descargadas.

A túa seguridade e privacidade quedan garantidas.

Responsabilidades

Ti es o/a único/a responsable do dispositivo durante o préstamo.

Debes coidar que non cho rouben, así que procura non deixalo nunca só enriba da mesa, nin llo deixes usar a ninguén.

Non manipules nin o hardware nin o software instalados.

Non debes utilizar o dispositivo para acceder a contidos pornográficos, violentos ou xenófobos.

Respecta a lexislación vixente en materia de propiedade intelectual.

A tablet é moi delicada e sensible aos golpes, especialmente a pantalla, evita golpes ou rasguños que poidan provocar danos ou rotura.

Tras a devolución da tablet comprobamos o seu correcto funcionamento e se detectamos algún desperfecto podemos pedir responsabilidades á última persoa en utilizala.

Asinar a acta de entrega implica a aceptación das condicións de préstamo.